



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN  
DATA 15 DE MAIO DE 2026**

**PRESIDENTE:**

PABLO DIEGO MOREDA GIL

**MEMBROS:**

MARÍA JOSÉ PERNAS DIAZ

ISMAEL DURÁN BEREIJO

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ

LUCÍA PICOS ANEIROS

**SECRETARIA ACCIDENTAL:**

M<sup>a</sup> DEL MAR ANTÓN BRAGE

(Resolución nº 251/2026 do 27 de abril)

**INTERVENTORA:**

MARÍA CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 14:09 horas do día 15 de maio de 2026, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria accidental da Corporación, dona M<sup>a</sup> del Mar Antón Brage, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 30.04.2026**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 30.04.2026, ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

**2. CAMBIO DE TITULARIDADE DA LICENZA DE EDIFICACIÓN 147/99 (EXP. 2026/U030/000004)**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 22.04.2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 15.05.2026, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: Cambio de Titularidade da Licenza de Edificación 147/99 (exp. 2026/U030/000004)**



Visto que con data 15.04.2026 (rex. entrada 1128),  
presentan solicitude de cambio de titularidade da licenza municipal de obra maior 147/99 para  
planta baixa e tres plantas para tres vivendas, en (ref. catastral:  
que estaba a nome do seu pai (falecido), así  
como vista a restante documentación que consta no expediente.

Verificado que con data 03.09.1999 a Xunta de Goberno Local acorda conceder a  
a licenza de obra maior para planta baixa e tres plantas para tres vivendas en  
(exp. 147/99)

Considerando o previsto no art.13 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais  
(Dec.17/06/1995).

Polo exposto, **PROPOÑO** que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1º) Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza de obra maior 147/99 para planta baixa e  
tres plantas para tres vivendas en (ref. catastral: a favor de

2º) Notificar o presente acordo ás persoas interesadas.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta  
nos termos nos que quedou transcrita.

### **3. CAMBIO DE TITULARIDADE DA LICENZA DE EDIFICACIÓN 101/06 (EXP. 2026/U030/000005)**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.05.2026, ditaminada favorablemente  
pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 15.05.2026, que literalmente di:

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

##### **Asunto: Cambio de Titularidade da Licenza de Edificación 101/06 (exp. 2026/U030/000005)**

Visto que con data 20.04.2026 (rex. entrada 0815), presenta  
solicitude de cambio de titularidade da licenza municipal de obra maior 101/06 para vivenda  
unifamiliar en así como vista a restante documentación que consta no  
expediente entre a que se atopa escrito de cesión e taxa aboada.

Verificado que con data 05.07.2006 a Xunta de Goberno Local acorda conceder a  
a licenza de obra maior para vivenda unifamiliar en (exp. 101/06)

Considerando o previsto no art. 13 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais  
(Dec.17/06/1995).

Polo exposto, **PROPOÑO** que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1º) Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza de obra maior 101/06 para vivenda  
unifamiliar en a favor de



2º) Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**4. LICENZA DE EDIFICACIÓN A NOME DE  
PARA CAMBIO DE USO: REFORMA INTEGRAL DE LOCAL PARA VIVENDA EN RÚA  
(EXP. 2025/U022/000003)**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 12.05.2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 15.05.2026, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

---

---

Expediente:	2025/U022/000003
Asunto:	Licenza de edificación a nome de para cambio de uso: Reforma Integral de local para vivenda en Rúa
Interesado/a:	
Situación:	
Referencia catastral:	
Procedemento:	Licenza de edificación

---

---

Vista a documentación que consta no expediente, en particular:

**Documentación achegada**

---

---

Título do documento	PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE REFORMA INTEGRAL DE LOCAL PARA VIVIENDA
Data documento	27/10/2025 (Visado)
Redactor/a	Juan Manuel Santomé Arrillaga COAG 5298
Data incorporación expediente	29/10/2025

---

---

**Informes municipais**

---

---

Documento	Data
Informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal	05.05.2026

---

---



Informe xurídico emitido pola Técnico de Administración Xeral

11.05.2026

**Afeccións sectoriais**

Organismo	Afección/Autorización	Doc.	Consta	Observacións
Augas de Galicia	A actuación sitúase na zona de policía dunha conca	PBA	SI	

**CONSIDERACIÓNS URBANÍSTICAS**

Clasificación urbanística PX	Solo urbano
Cualificación urbanística PX	Solo urbano residencial de edificación entre medianeiras
Clasificación do solo LSG	Solo urbano
Cualificación / Categoría LSG	Solo urbano consolidado
Ordenanza aplicable	Ordenanza solo urbano residencial de edificación entre medianeiras Grado 1 URME 1
Finalidade da actuación	Cambio de uso a vivenda
Uso ó que se destinará	Vivenda
Tipo de obras	Obras suxeitas ao réxime de licenza municipal
Categoría das obras	a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
Prazos de inicio das obras	6 meses
Prazo máximo de interrupción das obras	6 meses
Prazos de terminación das obras	3 anos
Prórrogas	E posible solicitalas
Redactor/a	Juan Manuel Santomé Arrillaga COAG 5298
Dirección da obra	Juan Manuel Santomé Arrillaga COAG 5298



Dirección de execución da obra	Juan Filgueiras Peña COATAC 1514
Coordinación de seguridade e saúde	Juan Manuel Santomé Arrillaga COAG 5298
Orzamento de execución material	61.661,72 €
Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos:	
▪ Altura cornixa:	Existente
▪ Volume:	128,32 m <sup>3</sup>
▪ Superficie construída:	481,20 m <sup>2</sup>
▪ Ocupación:	Existente %
Autorizacións sectoriais	Darase cumprimento ao contido das autorizacións sectoriais

### Condicións particulares:

#### Documentación final da actuación

Finalizadas as obras deberá presentar:

- CERTIFICADO FINAL: Rematada a actuación aportarase certificado final de persoa técnica competente en que conste que a/s actuación/s están completamente rematada/se se axustan ao título outorgado
- XESTION DE RESIDUOS: Acreditación de ter realizado a xestión de residuos.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións particulares, no seu caso, e as xerais en todo caso.

2. As obras executaranse de acordo coa documentación técnica contida no expediente.

3. Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a



contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

4. Que se dilixencie a documentación técnica obxecto de licenza.
5. Incluír na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.
6. Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**5. LICENZA DE EDIFICACIÓN CON ACTIVIDADE PARA REHABILITACIÓN DUN EDIFICIO EXISTENTE E CAMBIO DE USO PARA IMPLANTAR TRES APARTAMENTOS TURÍSTICOS DUNHA CHAVE NAS PLANTAS SUPERIORES E UNHA CAFETERÍA DUNHA CUNCA EN A NOME DE A TRAIÑA PEIXES E MARISCOS SL (EXP. 2025/U022/000007)**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 12.05.2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 15.05.2026, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

---

Expediente:	2025/U022/000007
Asunto:	Licenza de edificación con actividade para rehabilitación dun edificio existente e cambio de uso para implantar tres apartamentos turísticos dunha chave nas plantas superiores e unha cafetería dunha cunca en planta baixa na a nome de A Traiña Peixes e Mariscos SL
Interesado/a:	A Traiña Peixes e Mariscos SL
Situación:	
Referencia catastral:	
Procedemento:	Licenza de edificación con actividade

---

Vista a documentación que consta no expediente, en particular:

**Documentación achegada**

---

Título do documento	PROYECTO BÁSICO DE REHABILITACIÓN DE EDIFICIO DESTINADO A APARTAMENTOS TURÍSTICOS Y CAFETERÍA EN CEDEIRA (A CORUÑA)
Data documento	Marzo 2026

---



Redactor/a  
Juan Miguel Salgado Gómez  
COAG 4453  
Luis Manuel Santalla Blanco  
COAG 5044

Data incorporación expediente 14/04/2026 (registro de entrada 202699900000770)

### Informes municipais

Documento	Data
Informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal	06.05.2026
Informe xurídico emitido pola Técnico de Administración Xeral	12.05.2026

### Afeccións sectoriais

Organismo	Afección/ Autorización	Doc.	Consta	Observacións
Patrimonio cultural	Edificación catalogada no PXOM. Protección parcializada elemental.	PBA/PXOM	SI	Resolución favorable da DXPC no expediente XTC-2025-1481.AUI.

### CONSIDERACIÓNS URBANÍSTICAS

Clasificación urbanística PX	Solo urbano
Cualificación urbanística PX	Solo urbano residencial en núcleo antigo
Clasificación do solo LSG	Solo urbano
Cualificación / Categoría LSG	Solo urbano consolidado
Ordenanza aplicable	Ordenanza URNA
Finalidade da actuación	Rehabilitación dun edificio existente e cambio de uso para implantar tres apartamentos turísticos dunha chave nas plantas superiores e unha cafetería dunha cunca en planta baixa.
Uso ó que se destinará	Residencial hoteleiro 2ª e hosteleiro 1ª.



Tipo de obras	Obras suxeitas ao réxime de licenza municipal
Categoría das obras	b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
Prazos de inicio das obras	6 meses
Prazo máximo de interrupción das obras	6 meses
Prazos de terminación das obras	3 anos
Prórrogas	É posible solicitálas
Redactor/a	Juan Miguel Salgado Gómez COAG 4453 Luis Manuel Santalla Blanco COAG 5044
Dirección da obra	Juan Miguel Salgado Gómez COAG 4453 Luis Manuel Santalla Blanco COAG 5044
Dirección de execución da obra	Juan Antonio Tuimil García COATAC 2775
Coordinación de seguridade e saúde	Juan Antonio Tuimil García COATAC 2775
Orzamento de execución material	437.970,00 €
Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos:	
• Altura cornixa:	9,40 m
• Volume:	Superficie construída segundo proxecto: 271,77 m <sup>2</sup> Superficie construída descontando o oco do ascensor: 264,77 m <sup>2</sup> Superficie construída catastral existente: 278,00 m <sup>2</sup>
• Superficie construída:	100 %
• Ocupación:	Darase cumprimento ao contido das autorizacións sectoriais
Autorizacións sectoriais	Darase cumprimento ao contido das autorizacións sectoriais



---

Datos da actividade

Apartamentos turísticos / aloxamento turístico “A Cetaria”

Descrición da actividade: establecemento de aloxamento turístico composto por tres apartamentos turísticos dunha chave, situados nas plantas primeira, segunda e baixo cuberta, con acceso a través de portal, escaleira e ascensor desde a planta baixa.

Código CNAE: 5590 – Outros aloxamentos.

Código IAE: segundo documentación da actividade achegada polo titular, Grupo/Epígrafe 685.1 – Aloxamentos turísticos extrahoteleiros, sen prexuízo da comprobación administrativa/fiscal que corresponda.

---

Cafetería

Descrición da actividade: cafetería dunha cunca situada na planta baixa, con acceso propio e funcionamento independente respecto do portal dos apartamentos turísticos.

Código CNAE: 56.1 – Restaurantes e postos de comida.

Código IAE: 672.3 – Cafeterías dunha soa cunca.

---

**Condições particulares:**

**Licenza con eficacia diferida**

A documentación achegada, correspondente ao Proxecto básico, considérase suficiente para o outorgamento da licenza municipal, pero insuficiente para o inicio das obras, que quedará condicionado á achega do correspondente proxecto de execución.

**Documentación final da actuación**

Finalizadas as obras deberá presentar:

- CERTIFICADO FINAL: rematada a actuación achegarase certificado final de persoa técnica competente no que conste que as obras están completamente rematadas e se axustan ao título outorgado.
- XESTIÓN DE RESIDUOS: acreditación de ter realizado a xestión de residuos.

**Documentación da actividade**

Con carácter previo ao inicio da actividade e unha vez rematada a obra, presentarase a comunicación previa de inicio de actividade, coa documentación que resulte esixible.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións particulares, no seu caso, e as xerais en todo caso.

2. As obras executaranse de acordo coa documentación técnica contida no expediente.



3. Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

4. Que se dilixencie a documentación técnica obxecto de licenza.

5. Incluír na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.

6. Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita

**6. RECOÑECIMENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/21. EXPEDIENTE: 2026/G006/000133**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 14.05.2026, que literalmente di:

“Expediente: 2026/G006/000133

Asunto: RECOÑECIMENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/21

**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Vista a relación de facturas F/2026/21 que suma un importe total de 128.242,65 €:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2026/1078	10425	25/04/2025			Proxecto de instalacións	SE	450	22799	17.992,70 €
F/2026/1086	V-FACTUR26 2026/0817	31/03/2026	A15379803	SOGAMA	Tratamento RU Marzo	SE	1623	22799	21.943,80 €
F/2026/1164	LIQ 56/2026	24/04/2026	S1500072B	CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS E BENESTAR	COFINANCIAMENTO ESCOLAS INFANTIS. 1ER SEMESTRE 2026	SE	3231	45100	19.350,00 €
F/2026/1208	26 189	30/04/2026	B82485855	HALLKUSS CORPORATION	SERVIZO DE RECOLLIDA LIMPEZA ABRIL 2026	SE	1621	22700	68.956,15 €

CVD: A7AfcDKnlFoDagXvClirg Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/ FIRMADO POR María del Mar Antón Brage (FECHA: 19/05/2026 13:04:00) , Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/05/2026 13:33:00) Versión imprimible CVD: JFFD6j0NoF0JrtDsCLEB Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/



										TOTAL	128.242,65 €
--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	-------	--------------

Visto o informe de REPARO de Intervención de data 13.05.2026 relativo á fiscalización da relación número de facturas F/2026/21 no tocante á seguinte factura:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2026/1078	10425	25/04/2025			Proxecto de instalacións	SE	450	22799	17.992,70 €

Visto o Decreto de Alcaldía número 289/2026 de data 13.05.2026 de levantamento do reparo.

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente.

Así mesmo, e segundo as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2026, que é o prorrogado do ano 2025, corresponderá ao presidente da corporación a autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollese para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Como sinala o art. 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público “a competencia é irrenunciabile e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou outras leis”.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Atendido que a Alcaldía, facendo uso da atribución que lle confire o artigo 21.3 da LBRL, delegou na Xunta de Goberno Local, en virtude de Decreto nº 345/2023, de data de 10.07.2023, entre outros extremos “1) Autorización, disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas e certificacións de obra a partir de 12.000 euros mais IVE, dentro dos límites que competen ao Alcalde”.



Esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas da relación de facturas F/2026/21 con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes do Orzamento Municipal exercicio 2026 e aprobar as correspondentes facturas, por un importe bruto de 128.242,65 euros.

**SEGUNDO.-** Ordenar os pagamentos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, por un importe bruto de 128.242,65 euros.

**TERCEIRO.-** Notificar a presente Resolución á Intervención e Tesourería, ós efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## **7. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE ABRIL DO 2026.**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 13.05.2026, que literalmente di:

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE ABRIL DO 2026.**

O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:



taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de abril 2026 que empeza por cun importe de 82,41 € e finaliza con cun importe de 93,52 € e se compón de 48 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 4946,68 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrencia**, correspondente ó mes de abril 2026 que empeza por DNI: cun importe de 39,60 € e finaliza con DNI: cun importe de 28,80 € e se compón de 5 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 338,40 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**8. RECTIFICACION ERRO NO ACORDO DA XGL DE DATA 19.12.2025 NO EXPEDIENTE 2025/X999/000239 DE SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRON DA TAXA POLA DE RECOLLIDA DE RESIDUOS, ANULACION DE RECIBO POR CESE DE ACTIVIDADE E DEVOLUCION.**

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 13.05.2026, que literalmente di:

**“INFORME – PROPOSTA**

**Asunto: RECTIFICACION ERRO NO ACORDO DA XGL DE DATA 19.12.2025 NO EXPEDIENTE 2025/X999/000239 DE SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRON DA TAXA POLA DE RECOLLIDA DE RESIDUOS, ANULACION DE RECIBO POR CESE DE ACTIVIDADE E DEVOLUCION.**

Visto que con data 19.12.2025, a Xunta de Goberno Local acorda no punto 1 da parte resolutive a baixa no Padrón da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos a nome de Inversiones La Ascension S.L., por cese de actividade, así como a anulación de recibos de lixo (punto 2 da parte resolutive) e a aprobación da liquidación da taxa de recollida de lixo do primeiro trimestre de 2024 (punto 3 da parte resolutive), co seguinte teor literal:

“**SEGUNDO.** Anular os recibos cos seguintes datos:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000645200	20253515022RL01R004138		INVERSIONES LA ASCENSION S.L.	B70346416	2025	319,80 €
253000645200	20243515022RL01R002163		INVERSIONES LA ASCENSION S.L.	B70346416	2024	319,80 €

**TERCEIRO.** APROBAR a liquidación da taxa de recollida de lixo do primeiro trimestre de 2024”



Detéctase erro no suxeito pasivo do exercicio 2024, toda vez que verifícase no Sistema Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña, que a titular do recibo é sendo polo tanto a lexitimada para solicitar a anulación do recibo e a devolución do importe aboado ( non Inversiones La Ascensión S.L.).

Considerando o previsto no art. 109.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sobre rectificación de erros:

“Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.”

Polo exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- RECTIFICAR o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.12.2025, no tocante ao expediente 2025/X999/000239, onde dí:

“SEGUNDO. Anular os recibos cos seguintes datos:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000645200	20253515022RL01R004138		INVERSIONES LA ASCENSION S.L.	B70346416	2025	319,80 €
253000645200	20243515022RL01R002163		INVERSIONES LA ASCENSION S.L.	B70346416	2024	319,80 €

TERCEIRO. APROBAR a liquidación da taxa de recollida de lixo do primeiro trimestre de 2024”

Debe dicir:

“SEGUNDO. Anular o recibo cos seguintes datos:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000645200	20253515022RL01R004138		INVERSIONES LA ASCENSION S.L.	B70346416	2025	319,80 €

TERCEIRO. Comunicar o presente acordó á Deputación da Coruña, para o seu coñecemento e trámites oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordó aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

**9. RECTIFICACION ERRO NO ACORDO DA XGL DE DATA 30.04.2026 NO EXPEDIENTE 2026/X999/000150 DE ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN.**

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 07.05.2026, que literalmente di:

CVD: A7AfcDKnlFoDagXvClirg Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

FIRMADO POR María del Mar Antón Brage (FECHA: 19/05/2026 13:04:00) , Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/05/2026 13:33:00)

Versión imprimible

CVD: JFFD6j0NoF0JrtDsClEB Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/



**“INFORME – PROPOSTA**

**Asunto: RECTIFICACION ERRO NO ACORDO DA XGL DE DATA 30.04.2026 NO EXPEDIENTE 2026/X999/000150 DE ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN.**

Visto que con data 30.04.2026, a Xunta de Goberno Local acorda a anulación de recibos de lixo (Expte 2026/X999/000150), cuxo punto 2 da parte resolutiva di:

**“SEGUNDO.** *Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente aos exercicios 2021, 2022, 2023, 2024 e 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.*”

Detectado erro nun dos exercicios referidos, dado que a liquidación do exercicio 2021 está prescrita. Considerando o previsto no art. 109.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sobre rectificación de erros:

*“Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.”*

Polo exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- RECTIFICAR o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 30.04.2026, no tocante ao expediente 2026/X999/000150, onde dí:

**“SEGUNDO.** *Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente aos exercicios 2021, 2022, 2023, 2024 e 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.*”

Debe dicir:

**“SEGUNDO.** *Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente aos exercicios 2022, 2023, 2024 e 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.*”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

**10. CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE DIRECCIÓN DE OBRA DE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO EN CEDEIRA. EXPTE: 2026/C002/000012**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 13.05.2026, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE DIRECCIÓN DE OBRA DE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO EN CEDEIRA**

**Expte.: 2026/C002/000012**



O contrato de obras de construción de centro de adestramento deportivo especializado está recentemente adxudicado, e resulta necesario contratar o servizo de dirección de obra.

Para este fin foron solicitadas ofertas e recibíronse as seguintes:

EMPRESA CIF/NIF	REX. ENTRADA DATA	E CONCEPTO	IMPORTE SEN IVE	IVE (21 %)	TOTAL (IVE INCL)
PROYESTEGAL, S.L. B27159730	2026/999/933 05/05/2026	Dirección de obra de construción do centro de adestramento deportivo especializado de Cedeira	14950,00	3139,50	18089,50
TOPGAL, S.L. B15331093	2026/999/956 07/05/2026	Dirección de obra de construción do centro de adestramento deportivo especializado de Cedeira	16500,00	3465,00	19965,00
INTO GALICIA CONSULTING S.L. B27802214	2026/999/960 07/05/2026	Dirección de obra de construción do centro de adestramento deportivo especializado de Cedeira	18000,00	3780,00	21780,00

Con data 12.05.2026 o órgano de contratación emitiu unha proposta de gasto por un importe total de 18.089,50 € (IVE incluído).

Consta informe de retención de crédito emitido pola Intervención municipal con data 13.05.2026 polo mesmo importe.

Por todo o exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Declarar a conformidade coas propostas presentadas.
- 2.- Aprobar o gasto e adxudicar mediante un contrato menor a PROYESTEGAL, S.L., con CIF B27159730, o servizo de dirección de obra para a “Construción do centro de adestramento deportivo especializado en Cedeira” polo importe de 14.950,00 € e 3.139,50 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 18.089,50 €), de acordo co presuposto presentado con data 05.05.2026.
- 3.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario.
- 4.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**11. CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO EN CEDEIRA. EXPTE: 2026/C002/000013**



Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 13.05.2026, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO EN CEDEIRA**

**Expte.: 2026/C002/000013**

O contrato de obras de construción de centro de adestramento deportivo especializado está recentemente adxudicado, e resulta necesario contratar o servizo de execución de obra.

Para este fin foron solicitadas ofertas e recibíronse as seguintes:

EMPRESA CIF/NIF	REX. ENTRADA E DATA	CONCEPTO	IMPORTE SEN IVE	IVE (21 %)	TOTAL (IVE INCL)
PROYESTEGAL, S.L. B27159730	2026/999/934 05/05/2026	Direción de execución da obra de construción do centro de adestramento deportivo especializado de Cedeira	14950,00	3139,50	18089,50
TOPGAL, S.L. B15331093	2026/999/957 07/05/2026	Direción de execución da obra de construción do centro de adestramento deportivo especializado de Cedeira	16500,00	3465,00	19965,00
INTO GALICIA CONSULTING S.L. B27802214	2026/999/961 07/05/2026	Direción de execución da obra de construción do centro de adestramento deportivo especializado de Cedeira	18000,00	3780,00	21780,00

Con data 12.05.2026 o órgano de contratación emitiu unha proposta de gasto por un importe total de 18.089,50 € (IVE incluído).

Consta informe de retención de crédito emitido pola Intervención municipal con data 13.05.2026 polo mesmo importe.

Por todo o exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Declarar a conformidade coas propostas presentadas.
- 2.- Aprobar o gasto e adxudicar mediante un contrato menor a PROYESTEGAL, S.L., con CIF B27159730, o servizo de dirección de execución de obra para a “Construción do centro de adestramento deportivo especializado en Cedeira” polo importe de 14.950,00 € e 3.139,50 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 18.089,50 €), de acordo co presuposto presentado con data 05.05.2026.
- 3.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario.



4.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**12. APROBACIÓN DA ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2026 (EXPTE 2026/A006/000004)**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 14.05.2026, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: APROBACIÓN DA ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2026 (EXPTE 2026/A006/000004)**

Visto o **Convenio entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa velutina) no ano 2026** que ten por obxecto establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa velutina) en 2026 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos.

Vista a memoria xustificativa, que esixen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

Visto o informe de Secretaría de data 13 de maio de 2026.

Visto o informe de Intervención de data 14 de maio de 2026.

Resultando que a competencia para a aprobación do convenio corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto na Resolución de Alcaldía nº 345/2023, de 10 de xullo. Considerando o interese deste Concello da adhesión ao dito convenio, co seguinte texto:

**“CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2026**

**REUNIDOS**



Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes que en virtude do seu nomeamento por Decreto 44/2024, do 14 de abril, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, así como o Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Doutra parte, Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante Fegamp), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes estatutos da Fegamp (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea do 15 de novembro de 2023.

As partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e, na súa virtude,

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podendo levar a cabo mediante a subscripción de convenios.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, conforme ao disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é o departamento encargado de xestionar as competencias e funcións en materia de elaboración, proposta e execución da política do Goberno en materia de Administración local e de emerxencias e interior que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

**Segundo.-** Que a Fegamp ten, entre os seus fins, promover, representar e defender os intereses das entidades locais ante outras Administracións Públicas, segundo o disposto no artigo 6.1 letra b) dos seus Estatutos, e goza de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus Estatutos.

**Terceiro.-** Que segundo os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as súas necesidades e aspiracións, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias en materia de protección civil e emerxencias.

Nesta mesma liña, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, no seu artigo 1.2 define a protección civil como un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para facer fronte aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá. E a Constitución Española, o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil coinciden no carácter de servizo público esencial deste servizo.

**Cuarto.-** Que a Xunta de Galicia, con motivo da problemática xerada polo avance da avésa asiática na Comunidade Autónoma, puxo en marcha un Programa de vixilancia e control fronte a esta especie no ano 2014 co fin de minimizar a incidencia que ten esta especie sobre as producións apícolas e sobre a seguridade cidadá. Este programa recolleu as actuacións necesarias para a contención e seguimento desta especie, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola e tamén ten repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá. Este programa inclúe fundamentalmente actividades relacionadas coa detección precoz de niños mediante avisos a través do 012 e 112 e o control e eliminación/neutralización de niños sempre que sexa posible.

Ata o ano 2020, as actuacións de retirada de niños de Vespa velutina realizáronse, dependendo das zonas, polos concellos colaboradores directamente, pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e pola Consellería do Medio Rural.

Con data 24 de febreiro de 2020 a Xunta de Galicia e a Fegamp, co obxecto de redobrar esforzos e centralizar recursos na loita contra o avance desta especie invasora, asinaron o convenio entre a entón denominada Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fegamp para establecer a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa velutina). Isto implicou para a administración autonómica a asunción da coordinación de actuacións para a retirada e destrución dos niños da Vespa velutina no territorio galego coa colaboración dos 285 concellos adheridos, ofrecendo unha actuación profesional e eficaz.

O 10 de marzo de 2021, á vista dos bos resultados acadados, a entón denominada Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Fegamp asinaron un novo convenio co obxecto de establecer o marco para dar



continuidade á execución de forma coordinada do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa velutina) en 2021 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos e así continuar ofrecendo unha solución homoxénea en todas as zonas afectadas e acadar unha maior eficacia na retirada e neutralización de niños Vespa velutina ao longo dese ano. Proba da boa acollida desta iniciativa, foi o feito de que se mantiveron adheridos os 285 concellos do ano 2020 e se sumaron 15 mais, polo que a Xunta estivo actuando, a través da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (en diante Seaga), nun total de 300 concellos, é dicir, o 96% do total.

No ano 2022 renovouse o encargo a Seaga e non soamente se mantiveron adheridos os 300 concellos do ano 2021, senón que se sumaron 6 máis, polo que a Xunta de Galicia actuou, a través de Seaga, nun total de 306 concellos, o 98% do total.

No ano 2023 renovouse o encargo a Seaga e se sumaron 5 concellos máis, polo que a Xunta de Galicia actuou, a través de Seaga, nun total de 311 concellos, o 99,36% do total.

No ano 2024 volveuse a renovar o encargo a Seaga e se sumaron os 2 concellos restantes, polo que a Xunta de Galicia actuou, a través de Seaga, na totalidade dos 313 concellos.

No ano 2025 novamente se renova o encargo a Seaga, sendo o segundo ano consecutivo no que estiveron adheridos os 313 concellos galegos, polo que Xunta actuou, a través de Seaga, na totalidade do territorio galego.

Como consecuencia do exposto, tendo en conta os bos resultados logrados e co obxectivo de acadar a máxima eficiencia e axilidade na realización dos traballos, asíñase este convenio para continuar en 2026 coa colaboración xa iniciada no ano 2020 entre a Xunta de Galicia, a través da entón denominada Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Fegamp, incorporando á totalidade dos 313 concellos galegos, que manifestaron á súa vontade de manter a adhesión a este programa.

Así, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para a coordinación de actuación no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa velutina) en 2026, en base ás seguintes:

## CLAÚSULAS

### CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

#### Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa velutina) en 2026 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos.

Este convenio establece os mecanismos adecuados para asegurar unha maior participación, coordinación de investimentos, actuacións e intercambio de información entre as partes asinantes.

#### Segunda. Ámbito de aplicación subxectivo

O presente convenio é de aplicación para a administración da comunidade autónoma de Galicia e para a toda a administración local de Galicia, incluíndo as entidades locais territoriais e as non territoriais, nos termos establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

#### Terceira. Adhesión ao convenio

O presente convenio constitúe o marco xurídico xeral de todas as entidades locais galegas, que manifestaron a súa vontade de manterse adheridas no ano 2026, coa finalidade de garantir a realización das actuacións necesarias que permitan a contención e seguimento da Vespa velutina, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola, tendo tamén repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá.

Todas entidades locais galegas, que se relacionan no Anexo I, deberán formalizar a súa adhesión mediante a cobertura do protocolo do Anexo II no prazo máximo dun mes dende a sinatura do presente convenio de colaboración.

#### Cuarta. Modificación do convenio

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e da Fegamp.



#### Quinta. Duración do convenio

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2026, sen prexuízo de prorrogar a súa vixencia nos termos que se determinen antes da finalización do correspondente período de vixencia mediante a correspondente addenda.

#### Sexta. Resolución do convenio.

O presente convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, o incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén ou por causas de invalidez.

Así mesmo, as partes poderán denunciar o convenio en calquera momento, sempre cun preaviso mínimo de dous meses de antelación á efectividade da devandita denuncia.

### CAPÍTULO SEGUNDO. OBRIGAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

#### Sétima. Coordinar a execución do programa

A administración da comunidade autónoma de Galicia coordinarase cos concellos adheridos nas actuacións de eliminación e retirada de niños de Vespa velutina. Concretamente realizará as seguintes actuacións:

1. Potenciar o portal de internet “Eido local” ([www.eidolocal.gal](http://www.eidolocal.gal)) impulsando a súa capacidade como canle de comunicación permanente coas entidades locais de Galicia para dar información actualizada sobre as actuacións en materia de Vespa velutina.
2. Ter a disposición dos concellos un sistema de avisos que se canalizarán polas chamadas recibidas polo 012 e informar ás entidades locais da xestión de todos os avisos de niños de Vespa velutina recibidos por esta canle respecto do seu ámbito territorial.
3. Garantir nos concellos a xestión dos avisos de presenza de niños de Vespa velutina segundo o Programa de vixilancia e control fronte a avespa asiática, o que suporá a realización das seguintes actuacións:
  - Revisión e actualización do estado dos avisos e/ou notificacións de avistamento de niños de *Vespa velutina* recibidos e rexistrados a través da aplicación <https://www.controlvelutina.es/> mediante chamada dos cidadáns ao 012, valoración destes, e organización para a súa retirada.
  - Eliminación/neutralización de niños activos de avespa asiática ou realización daquelas outras actuacións que procedan cun tempo de resolución dos avisos dun máximo de 5 días hábiles.

Neste tempo de resolución non contabilizaran cuestións como poden ser as dificultades para contactar coa persoa comunicante ou a dificultade para concretar unha data de retirada con esta, ou calquera outras circunstancias que entorpezan os labores concretos de retirada dos niños tales como as situadas en espazos nos que a aplicación de insecticida supoña un risco de explosión, zonas próximas a tendidos eléctricos, ou niños situados en vías de transporte, zonas portuarias ou aeroportuarias, ou aquelas nas que sexa preciso realizar unha roza ou calquera outra tarefa complementaria, así como aqueles que se encontren nunha banda de seguridade de bacías de ríos, masas de auga superficiais ou outros acuíferos.

- Sinalamento da localización dos niños inactivos que non se retirarán, co fin de evitar réplicas de avisos.

### CAPÍTULO TERCEIRO. OBRIGAS DAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA QUE SE ADHIRAN

#### Oitava. Facilitar a execución do programa

Con carácter xeral, coa finalidade de acadar os obxectivos do convenio previstos na cláusula primeira, as entidades locais de Galicia adheridas ao presente convenio, comprométese a:

- Coordinarse coa Xunta de Galicia nas actuacións de retirada de niños de forma que cando así se precise presten a súa colaboración, levando a cabo por medios propios as actuacións necesarias para simplificar e facilitar os labores de retirada e eliminación de niños de Vespa velutina, a requirimento da Xunta de Galicia ou por propia iniciativa.
- Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a información relativa ao programa de retirada de niños de Vespa velutina da Xunta de Galicia.



## CAPÍTULO CUARTO. OBRIGAS DA FEGAMP

### Novena. Informar para facilitar a execución do programa

Coordinarse coa administración da comunidade autónoma de Galicia e con todos os concellos de Galicia para impulsar, promover e difundir a información relativa ao programa de vixilancia e control da Vespa velutina da Xunta de Galicia.

## CAPÍTULO QUINTO. SEGUIMIENTO DO CONVENIO

### Décima. Seguimento da execución do convenio

Co fin de realizar o desenvolvemento, seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta, que estará integrada por dous representantes da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, un dos cales actuará como presidente, e outros dous en representación da Fegamp.

O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.
- A coordinación e colaboración na implantación das distintas iniciativas recollidas neste convenio.
- As propostas de modificación do presente convenio.
- A elaboración de normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio.

## CAPÍTULO SEXTO. FINANCIAMENTO

### Décimo primeira. Financiamento

A administración da comunidade autónoma de Galicia e as entidades locais de Galicia que se adhiran ao convenio contribuirán á posta en marcha e desenvolvemento do programa para a retirada e eliminación dos niños da Vespa velutina en todo o territorio galego mediante a realización das accións que se deriven do cumprimento do presente convenio que en cada caso serán de conta da administración que as realice.

## CAPÍTULO SÉTIMO. RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

### Décimo segunda. Natureza do convenio e discrepancias

O presente convenio ten natureza administrativa.

En especial, o convenio queda suxeito ao Capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula décima do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

### Décimo terceira. Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

### Décimo cuarta. Publicidade

CVD: A7AfcDKnlFoDagXvC1rg Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.cedeira.gal/>  
FIRMADO POR María del Mar Antón Brage (FECHA: 19/05/2026 13:04:00) ,  
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/05/2026 13:33:00)  
Versión imprimible  
CVD: JFFD6j0NoF0JrtDsCLEB Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.cedeira.gal/>



As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes na data que se consigna na sinatura electrónica.

Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes  
D. Diego Calvo Pouso

Presidente da Fegamp  
D. Alberto Varela Paz

**ANEXO I**  
**CONCELLOS ADHERIDOS NO ANO 2025 E QUE MANIFESTAN O SEU INTERESE EN CONTINUAR**  
**ADHERIDOS NO ANO 2026**

Abadín	Begonte	Carballo
Abegondo	Bergondo	Cariño
Agolada	Betanzos	Carnota
Alfoz	Blancos, Os	Carral
Allariz	Boborás	Cartelle
Ames	Boimorto	Castrelo de Miño
Amoeiro	Boiro	Castrelo do Val
Antas de Ulla	Bola, A	Castro Caldelas
Aranga	Bolo, O	Castro de Rei
Arbo	Boqueixón	Castroverde
Ares	Bóveda	Catoira
Arnoia, A	Brión	Cedeira
Arteixo	Bueu	Cee
Arzúa	Burela	Celanova
Avión	Cabana de Bergantiños	Cenlle
Baiona	Cabanas	Cerceda
Baleira	Caldas de Reis	Cerdedo - Cotobade
Baltar	Calvos de Randín	Cerdido
Bande	Camariñas	Cervantes
Baña, A	Cambados	Cervo
Baños de Molgas	Cambre	Chandrea de Queixa
Baralla	Campo Lameiro	Chantada
Barbadás	Cangas	Coirós
Barco de Valdeorras, O	Cañiza, A	Coles
Barreiros	Capela, A	Corcubión
Barro	Carballada de Avia	Corgo, O
Beade	Carballada de Valdeorras	Coristanco
Beariz	Carballado	Cortegada
Becerreá	Carballiño, O	Coruña, A



Cospeito	Irixoa	Mondariz-Balneario
Covelo	Lalín	Mondoñedo
Crecente	Lama, A	Monfero
Cualedro	Láncara	Monforte de Lemos
Culleredo	Laracha, A	Montederramo
Cuntis	Larouco	Monterrei
Curtis	Laxe	Monterroso
Dodro	Laza	Moraña
Dozón	Leiro	Mos
Dumbría	Lobeira	Mugardos
Entrimo	Lobios	Muiños
Esgos	Lourenzá	Muras
Estrada, A	Lousame	Muros
Fene	Lugo	Muxía
Ferrol	Maceda	Narón
Fisterra	Malpica de Bergantiños	Navia de Suarna
Folgoso do Courel	Manzaneda	Neda
Fonsagrada, A	Mañón	Negreira
Forcarei	Marín	Negueira de Muñiz
Fornelos de Montes	Maside	Neves, As
Foz	Mazaricos	Nigrán
Frades	Meaño	Nogais, As
Friol	Meira	Nogueira de Ramuín
Gomesende	Meis	Noia
Gondomar	Melide	Oia
Grove, O	Melón	Oímbra
Guarda, A	Merca, A	Oleiros
Gudiña, A	Mesía	Ordes
Guitiriz	Mezquita, A	Oroso
Guntín	Miño	Ortigueira
Illa de Arousa	Moaña	Ourense
Incio, O	Moeche	Ourol
Irixo, O	Mondariz	Outeiro de Rei



Outes	Pontevedra	San Cibrao das Viñas
Oza-Cesuras	Porqueira	San Cristovo de Cea
Paderne	Porriño, O	San Sadurniño
Paderne de Allariz	Portas	San Xoán de Río
Padrenda	Porto do Son	Santa Comba
Padrón	Portomarín	Santiago de Compostela
Palas de Rei	Punxín	Santiso
Pantón	Quintela de Leirado	Sanxenxo
Parada de Sil	Quiroga	Sarreaus
Paradela	Rábade	Sarria
Páramo, O	Rairiz de Veiga	Saviñao, O
Pastoriza, A	Ramirás	Silleda
Pazos de Borbén	Redondela	Sober
Pedrafita do Cebreiro	Rianxo	Sobrado
Pereiro de Aguiar, O	Ribadavia	Somozas, As
Peroxa, A	Ribadeo	Soutomaior
Petín	Ribadumia	Taboada
Pino, O	Ribas de Sil	Taboadela
Piñor	Ribeira	Teixeira, A
Pobra de Trives, A	Ribeira de Piquín	Teo
Pobra do Brollón, A	Riós	Toén
Pobra do Caramiñal, A	Riotorto	Tomiño
Poio	Rodeiro	Toques
Pol	Rois	Tordoia
Pontearreas	Rosal, O	Touro
Ponte Caldelas	Rúa, A	Trabada
Ponteceso	Rubiá	Trasmiras
Pontecures	Sada	Trazo
Pontedeume	Salceda de Caselas	Triacastela
Pontedeva	Salvaterra de Miño	Tui
Pontenova, A	Samos	Val do Dubra
Pontes de García Rodríguez,	Sandiás	Valadouro, O
As	San Amaro	Valdoviño



Valga	Vilagarcía de Arousa	Vilasantar
Vedra	Vilalba	Vimianzo
Veiga, A	Vilamarín	Viveiro
Verea	Vilamartín de Valdeorras	Xermade
Verín	Vilanova de Arousa	Xinzo de Limia
Viana do Bolo	Vilar de Barrio	Xove
Vicedo, O	Vilardevós	Xunqueira de Ambía
Vigo	Vilar de Santos	Xunqueira de Espadañedo
Vila de Cruces	Vilariño de Conso	Zas
Vilaboa	Vilarmaior	

## ANEXO II

### PROTOCOLO DE ADHESIÓN

D./Dona (nome e cargo), en representación da (Entidade Local),

#### DECLARA:

Que o (órgano competente) de (Entidade Local) acordou, con data \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de \_\_\_\_ solicitar a adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Vespa Asiática (Vespa velutina) e, en consecuencia,

#### MANIFESTA:

A vontade de (Entidade Local) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

(Lugar, data e firma)”

Por todo o anterior, **PROPOÑO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a adhesión ao CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2026, arriba transcrito.

**SEGUNDO.-** Facultar ao Alcalde para a sinatura da adhesión ao convenio.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do Anexo II, debidamente asinado, á Xunta de Galicia.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**13. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 263/20206 DE DATA 29/04/2026 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS UTILIZADAS PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIAS ANO 2026-CT211B**



Dase conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 263/2026, de data 29/04/2026, que di:

### “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

#### **SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS UTILIZADAS PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIAS ANO 2026(CT211B)**

Vista a Orde do 12 de marzo de 2026 da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026.

Considerando que no artigo 4.3 se establece que a axuda máxima será de 30.000 euros, que en ningún caso poderá exceder o 90% do orzamento total do proxecto subvencionable.

Tendo en conta que o artigo 8.1 a) da referida Orde, establece que na certificación do acordo polo que se resolve solicitar a subvención, debe resolver tamén aceptar as condicións e requisitos da orde de convocatoria e demais normativa aplicable e comprometerse a aportar a cofinanciación que se sinala.

Polo exposto, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 10 da Ley 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

**Segundo.-** Aprobar a solicitude de participación na convocatoria de axudas da referida Orde Orde do 12 de marzo de 2026 da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, para a realización do proxecto denominado “RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO E DE SEGURIDADE DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CEDEIRA”, sendo o importe total ive engadido de 5.632,05 euros. O importe solicitado é de 5.068,85€ (ive engadido), sendo a aportación municipal 563,2 € ( un 10% do total do orzamento)

**Terceiro.-** Aceptar as condicións e os requisitos establecidos na orde de convocatoria e demais normativa aplicable.

**Cuarto.-** O compromiso de aportar a parte non subvencionada que, no caso de concesión do 90% do orzamento presentado, segundo a documentación presentada coa solicitude.

**Quinto.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**14. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 271/20206 DE DATA 04/05/2026 DE SOLICITUDE PARA A “MELLORA DO FIRME EN RÚA CAMIÑO DO BECO CONCELLO DE CEDEIRA” AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA A CREACIÓN E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIAS, DESTINADOS A CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2026- PR486A**



Dase conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 271/2026, de data 04/05/2026, que di:

### “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

#### **SOLICITUDE PARA A “MELLORA DO FIRME EN RÚA CAMIÑO DO BECO-CONCELLO DE CEDEIRA” AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA A CREACIÓN E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS, DESTINADOS A CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2026- PR486A**

Vista a Orde do 25 de marzo de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan as subvencións para creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2026, publicada no DOGA número 61 de 01 de abril de 2026.

Tendo en conta que na referida Resolución se establece que debe certificarse que existe acordo do concello polo cal se solicita a subvención e se aceptan as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria.

Visto o proxecto realizado pola empresa BRULAR GESTIÓN S.L.U. coa denominación “**MELLORA DO FIRME EN RÚA CAMIÑO DO BECO-CONCELLO DE CEDEIRA**” cun orzamento sen IVE de 87.817,82 € e 106.259,56 € con IVE incluído.

Polo exposto, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

**Segundo.-** Aprobar a solicitude de participación na convocatoria ao abeiro da Orde do 25 de marzo de 2026 para a realización do proxecto “**MELLORA DO FIRME EN RÚA CAMIÑO DO BECO-CONCELLO DE CEDEIRA**” cun orzamento sen IVE de 87.817,82 € e 106.259,56 € con IVE incluído.

**Terceiro.-** Aceptar as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria.

**Cuarto.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada

### **15. ASUNTOS VARIOS**

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:20 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria accidental, dou fe.



**Concello de Cedeira**

Tel.: 981 480 000- Fax: 981 482 506 | correo@cedeira.gal

Rúa Real, 15 | 15350 Cedeira – A Coruña

O PRESIDENTE  
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA ACCTAL  
M<sup>a</sup> DEL MAR ANTÓN BRAGE

CVD: A7AfcDKnlFoDagXvCiqg Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.cedeira.gal/>  
FIRMADO POR María del Mar Antón Brage (FECHA: 19/05/2026 13:04:00) ,  
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/05/2026 13:33:00)

Versión imprimible

CVD: JFFD6j0NoF0JrtDsCLEB Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.cedeira.gal/>